

NOTA INFORMATIVA SOBRE A PRESENTACIÓN DE ALEGACIONES FRONTE AS NOTAS DO EXAME TIPO TEST

O día 28 de maio de 2025 publicáronse as notas do exame. As puntuacións pódense consultar na páxina web da Corporación: [Convocatoria Ordenanza discapacidade intelectual - CSAG](#)

Se non estás conforme coa nota asignada, **podes presentar alegacións** ao Tribunal.

As **alegacións** son un escrito no que se indican **as razóns** polas que non estás de acordo coa nota do exame.

Onde se poden presentar as alegacións?

➤ **Nas oficinas de rexistro da Xunta de Galicia.**

Podes atopar a máis próxima na seguinte ligazón:

[Oficinas de atención á cidadanía e de rexistro](#)

➤ **A través da sede electrónica da Xunta de Galicia.**

Debes facelo a través do formulario de solicitude electrónica xenérica (código do procedemento PR004).

Debes cubrir como destinatario a Consellería de Presidencia e, como unidade destinataria, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia.

Podes consultar o trámite na seguinte ligazón:

[Solicitude xenérica-sede electrónica Xunta de Galicia](#)

Recorda que para entregar os documentos por internet debes ter algún dos seguintes instrumentos:

- Certificado Nacional da Fábrica de Moeda e Timbre,
- DNI electrónico
- Chave 365.

➤ **Nas oficinas de Correos.**

Pódense enviar os documentos por correo postal á seguintes dirección: Estudos Centrais da CRTVG de San Marcos, Lugar de Bando S/N, 15820, Santiago de Compostela, Galicia, España.

- **Noutros lugar que establece a lexislación vixente.**

Ata cando se poden presentar as alegacións?

- Hai dez (10) días hábiles para presentar alegacións dende o día seguinte ao de publicar as notas.
É dicir, podes presentar alegacións **dende o 29 de maio de 2026 ata o 11 de xuño de 2026.**